

[COMUNIDADE ACIS] INICIATIVA ESFORZA: UN PROXECTO DA ACIS CO OBXECTIVO DE ATRAER FONDOS PRIVADOS PARA IMPULSAR A I+D BIOSANITARIA

- A ACIS (Axencia de Coñecemento en Saúde), a través da iniciativa ESFORZA, impulsará proxectos de I+D coa posibilidade de que outras entidades colaboren para lograr un maior impacto social da investigación biosanitaria
- Os proxectos de I+D+i participan no programa PRIS (Programa de desenvolvemento Precomercial dos Resultados de Investigación do sistema público de Saúde de Galicia).
- ESFORZA súmase a outras iniciativas que xa están en fase de desenvolvemento na ACIS, encamiñadas a ampliar o impacto da innovación sanitaria en Galicia.

DIRECTO A

Páxina proxecto
ESFORZA

O SERGAS, a través da ACIS (Axencia de Coñecemento en Saúde), presenta a iniciativa **ESFORZA** para captar recursos externos que axuden a trasladarlles aos pacientes proxectos de I+D. Trabállase sobre un portafolios de proxectos xa identificados e xerados dentro dun sistema no que destacan os tres institutos de investigación sanitaria e as tres fundacións de investigación biomédica. O conxunto engloba a máis de **100 grupos de investigación e preto de 1.100 investigadores**.

Os proxectos seleccionados ratifican unha liña de traballo iniciada coa primeira entrega do programa PRIS, lanzada con fondos FEDER en 2013 e que mobilizou 2,6 millóns de euros en I+D. O PRIS destinou 1,4 millóns de euros a grupos de investigación do SERGAS e 1,2 millóns de euros a contratos co sector privado para completar as etapas de valorización dos proxectos de I+D. Unha vez analizados os resultados, a ACIS, co apoio de GAIN (Axencia Galega de Innovación), lanzou unha nova convocatoria. Seleccionáronse 10 novos proxectos con potencial para trasladar as tecnoloxías ao mercado e, polo tanto, aos pacientes.

O programa PRIS permitiu que varias tecnoloxías desenvolvidas nos laboratorios do SERGAS estean en fase avanzada de negociación para a súa translación ao mercado. Ao mesmo tempo, o programa contribuíu a poñer en marcha un novo modelo de transferencia que impulsa a innovación sanitaria no sector privado e no sector público, así como o emprendemento e a colaboración público-privada. A primeira edición supuxo avances nos campos da neuroloxía, rexeneración muscular, oncoloxía, nefroloxía, psiquiatría, cardioloxía, neuroloxía e microbioloxía.

Os traballos permitiron establecer interaccións entre investigadores e investidores nacionais e internacionais e crearon interaccións con clústeres, asociacións industriais e outros programas de desenvolvemento, isto é, construíron unha base sobre a que seguir cimentando todo o esforzo dos profesionais: Desde o desenvolvemento dun kit de diagnóstico para cancro de colon que axuda a predicir a efectividade dos tratamentos oncolóxicos en certos pacientes ao proxecto liderado polo equipo do psiquiatra do CHUO, Alejandro García Caballero, que deseñou un videoxogo, unha curtametraxe e unha serie de exercicios visuais para pacientes con trastorno mental grave. A primeira edición do programa PRIS significou o punto de partida para establecer unha estratexia a medio ou longo prazo cunha visión global das necesidades e vantaxes do sistema.

ESFORZA pretende agora asentar o modelo de valorización do PRIS a través

da atracción de fondos procedentes de particulares e institucións interesadas en potenciar a I+D e a innovación en saúde. ESFORZA inspírase en programas de investimento con impacto social, frecuentes en países anglosaxóns. É unha iniciativa pioneira a nivel nacional que persegue un maior impacto social da I+D+i a través do desenvolvemento de tecnoloxías e solucións dirixidas ás necesidades dos pacientes, pero que, a súa vez, fomenten o emprendemento, cren postos de traballo e potencien a economía e a competitividade do país.